

nadar río arriba
é a única obriga

Charo Lopes

dime coas maus

que vivo eu coma unha troita fóra da auga
que teño o corazón de maquinaria pesada
e que me acaba de voar pola boca

Celso F. Sanmartín

e cáenme as escamas do meu peito
polas veces en que escollín sentar na lareira dos teus ollos.

Andrea Nunes Brións

Dentro do meu peito teño
dúas escamas dun peixe:
unha dime que te ame
outra dime que te deixe.

Se ti queres ir pescar
polo de saber non deixes,
son cousas que ten o mar:
canto máis burro, máis peixes.

Coplas populares